

INICIO / CULTURAL / FEIRA / FORO / PRENSA

PRESENTACIÓN / QUEN SOMOS / PATROCINIOS / [ARQUIVO](#) / COMO CHEGAR

2007 / 2008 / 2010 / [2011](#)

Os escritores e o Galeusca



A Asociación Escritores en Lingua Galega, cos seus homólogos vascos de EIE, participarán nunha mesa redonda sobre os 28 anos de historia de Galeusca e o seu futuro próximo o día 7 de decembro na Feira do Libro e do Disco de Durango,

da que Galicia es este ano cultura convidada. Como representante galego estará Xosé Estévez e como representante vasco Fito Rodríguez.

Galeusca é un encontro anual de escritores e escritoras que se realiza anualmente a representantes de literatura galega, vasca e catalá e que se organiza de forma rotativa por cada unha das asociacións de escritores que a integran desde fai 28 anos.

No 2008 constituíuse a Federación Galeusca, coincidindo coa celebración do 2.º aniversario do seu encontro anual, para establecer relacións produtivas e estables entre os creadores literarios das tres culturas minorizadas no Estado español.

A Federación, ademais de defender os intereses dos escritores, céntrase na actuación conxunta fronte a organismos e institucións da administración pública, tanto de ámbito estatal como autonómico e europeo. Entre as actividades que promoven, cabe salientar a difusión e promoción das respectivas linguas e da produción literaria realizada a través delas, o desenvolvemento de programas de investigación e formación ou a organización de congresos.